Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 23/05/2022 02:18:44
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 322
23 de maio de 2022

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Rexeitamento da iniciativa

27625 (11/PNC-002531)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento 126429

33963 (11/PNC-003091)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da retirada do Proxecto de lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego 126429

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Aprobación con modificacións

32499 (11/PNC-002918)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da cobertura de prazas de persoal sanitario no centro de saúde de Foz 126429

Aprobación por unanimidade sen modificacións

33455 (11/PNC-003036)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Sánchez, Rosalía e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que se determinen os espazos para o uso das asociacións de pacientes no marco das obras do novo centro hospitalario universitario da Coruña 126430

34012 (11/PNC-003098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do tratamento e atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde 126430

Rexeitamento da iniciativa

33059 (11/PNC-002990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do incremento do complemento autonómico ás pensións non contributivas e da renda de inclusión social de Galicia para enfrontar a crise xerada pola suba de prezos 126431

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Aprobación por unanimidade con modificacións

34070 (11/PNC-003104)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da localización en Galicia da sede central do Instituto Español de Oceanografía 126431

Aprobación por unanimidade sen modificacións

33856 (11/PNC-003077)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da sede permanente do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e a transferencia á Xunta de Galicia das competencias para a xestión dos centros deste instituto en Galicia 126432

34116 (11/PNC-003108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno de España de apertura dunha mesa de diálogo para rematar coa situación e inseguridade xurídica á que o departamento de Costas do Estado somete a cadea mar-industria de Galicia 126432

Rexeitamento da iniciativa

32174 (11/PNC-002878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a calidade das augas e recuperar o aproveitamento produtivo dos recursos marisqueiros na Foz do Miñor 126433

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 23 de maio de 2022, pola que se aceptan como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo e a don Miguel Ángel Tellado Filgueira 126433

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 20 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 27625 (11/PNC-002531)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para presentar un programa integral de impulso do investimento
BOPG nº 259, do 19.01.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 33963 (11/PNC-003091)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da retirada do Proxecto de lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego
BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 19 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 32499 (11/PNC-002918)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da cobertura de prazas de persoal sanitario no centro de saúde de Foz
BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación separada por puntos:
Punto 1: resulta aprobado pola unanimidade dos 12 deputadas e deputados presentes.
Puntos 2, 3, 4 e 5: resultan rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a cubrir as prazas de medicina de familia, enfermaría e odontoloxía do centro de saúde de Foz, para que teña a capacidade asistencial que ten asignada.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 33455 (11/PNC-003036)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Sánchez, Rosalía e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que se determinen os espazos para o uso das asociacións de pacientes no marco das obras do novo centro hospitalario universitario da Coruña
BOPG nº 307, do 13.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco das obras para a construción do novo CHUAC, se determinen espazos para uso das asociacións de pacientes, incluíndo despachos e zonas máis amplas para a realización de actividades, que se coordinarán e organizarán entre as asociacións que forman parte do Consello Asesor de Pacientes.»

- 34012 (11/PNC-003098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do tratamento e atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde
BOPG nº 315, do 04.05.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir no ano 2022 os compromisos aprobados por unanimidade dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia o 22 de abril de 2015 ao fío dos avances no tratamento e atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde de Galicia.»

Rexeitamento da iniciativa

- 33059 (11/PNC-002990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do incremento do complemento autonómico ás pensións non contributivas e da renda de inclusión social de Galicia para enfrontar a crise xerada pola suba de prezos
BOPG nº 303, do 05.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 20 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 34070 (11/PNC-003104)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da localización en Galicia da sede central do Instituto Español de Oceanografía
BOPG nº 315, do 04.05.2022

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que, consonte o plan de descentralización do IEO impulsado polo Ministerio de Ciencia, Galicia, e nomeadamente Vigo, sexa a sede central do Instituto Español de Oceanografía, e especialmente das áreas dedicadas á pesca e a acuicultura. Para iso, o Goberno galego, dentro das súas competencias, debe de levar a cabo cantas actuacións sexan precisas para acadar que Vigo sexa a sede central do IEO, coa previa apertura do proceso por parte do Goberno do Estado.»

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 33856 (11/PNC-003077)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da sede permanente do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e a transferencia á Xunta de Galicia das competencias para a xestión dos centros deste instituto en Galicia
BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. No inmediato, demandar do Goberno do Estado que as sedes permanentes de pesquerías e acuicultura do Instituto Español de Oceanografía se trasladen ao Centro Oceanográfico de Vigo, polo importante labor científico que este centro leva desenvolvido neses ámbitos ao longo dos anos e porque este centro reúne as mellores condicións técnicas e científicas.

2. Emprender de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galicia para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta.»

- 34116 (11/PNC-003108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno de España de apertura dunha mesa de diálogo para rematar coa situación e inseguridade xurídica á que o departamento de Costas do Estado somete a cadea mar-industria de Galicia
BOPG nº 315, do 04.05.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar a apertura dunha mesa de diálogo entre ambas as administracións para rematar, aclarando o alcance de normativa sobre os espazos costeiros, coa situación de inseguridade xurídica á que o departamento de Costas do Estado somete a cadea mar-industria de Galicia.»

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rexeitamento da iniciativa

- 32174 (11/PNC-002878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a calidade das augas e recuperar o aproveitamento produtivo dos recursos marisqueiros na Foz do Miñor
BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento
1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 23 de maio de 2022, pola que se aceptan como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo e a don Miguel Ángel Tellado Filgueira

Examínanse os documentos con número de rexistro de entrada 35160 e 35162, remitidos polo portavoz do G. P. Popular de Galicia, nos que, en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do día 18 de maio de 2022, propón como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo e a don Miguel Ángel Tellado Filgueira.

A este escrito achéganse as declaracións de don Alberto Núñez Feijóo (doc.núm. 35161) e don Miguel Ángel Tellado Filgueira (doc. núm. 35163) de que aceptan ser candidatos e de que non están incursos nas causas de inelixibilidade establecidas nos artigos 6 e 154.1 da Lei orgánica de réxime electoral xeral.

A Presidencia, dado que se cumpren os requisitos legais exixidos e de acordo co previsto no artigo 165.3 do Regulamento da Cámara resolve:

1º. Aceptar como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes persoas:

— Don Alberto Núñez Feijóo
— Don Miguel Ángel Tellado Filgueira

2º. Comunicar esta resolución ás deputadas e deputados e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3º. Dar conta desta resolución á Mesa do Parlamento na reunión prevista para o día 23 de maio de 2022.

4º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-BYSHjC9KL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/